



ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DELEGADA DA FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO QUE TIVO LUGAR DE FORMA TELEMÁTICA, O DÍA 9 DE XANEIRO DE 2025.

Acta n.º 43

ASISTENTES:

PRESIDENTE DA FGM

López Sánchez, Alejandro

SECRETARIA XERAL DA FGM

García Castiñeira, María Antonia

DEPORTISTAS

Carril Comesaña, Roberto

TÉCNICO

Aradas Mariñas, Javier

ARBITROS

Xose Lois Freixeiro

CLUBS

Asociación de Escaladores Ourenzáns
Club Pena Trevinca Montañeiros de Galicia
Club Montaña Airiños
Club Montaña Vértice

PRESIDENTE/REPRESENTANTE

Böck Villalva, Alfonso
Lois Faro Fortes
Castro Soto, Isidro
Álvarez Jorge, Moisés

Vocais FGM (solo para explicar os regulamentos)

Fernando Fernández Rey
Pilar Vázquez Fariña

1. Saúdo e benvinda do presidente.

O presidente da FGM Alejandro López Sánchez, ás 20.05 h comeza a reunión, agradecendo a asistencia a todas as persoas participantes.

2. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior da Comisión Delegada da FGM.

Se solicita por Javier Aradas, moción secundada por don Moises Alvarez Jorge, que conste que doña María Antonia (secretaria Xeral da FGM) estivo solo 10 minutos, sendo substituída na súa labor de secretaria polo presidente. Faise constar a referida puntualización e se aproba por UNANIMIDADE a Acta nº 41.

3. Aprobación da modificación do regulamento de Licenzas

Coa presenza de Fernando Fernandez Rey, vocal de licenzas, para que explique o contido do regulamento, procedesse a explicarse o mesmo e a debater as propostas presentadas polas seguintes persoas. O vocal destaca que o regulamente fixose sobre a base do enviado pola Xunta.



- Roberto Carril sinala que sería conveniente modificar ou revisar o numero de federados esixidos para que un club poida adherirse a FGM. Se comenta que este tema non se pode reflexar no regulamento de licencias, pero sí se terá en conta para incorporar nos estatutos ou normativa apropiada. Continua sinalando que deberían figurar os tipos de licenza, matizar o que é alta montaña e os requisitos para acceso a licenza OT. O vocal explica que os tipos de licenza veñen nos títulos de cada apartado, que se incorporará un anexo o regulamento, que o matiz de alta montaña o da o seguro e que non en prudente matizar tanto no regulamento para non prexuzgar os siniestros que acontezan. As licenzas OT decidiuse non limitalas dado que non perxudican a siniestrabilidade.
- Javier Aradas sinala que respecto das licenzas OT, debía limitarse o acceso o censo para éstas. Se acepta a proposta e se introduce a modificación.
- Roberto Carril sinala que sería bo definir as coberturas da ampliación BTT se queda que a concrección ven na póliza e que en Galicia se amplía a cobertura dada a particularidade da nosa orografía urbana.
- Javier Aradas sinala: que sería bo matizar que está prohibido os cambios de club durante a mesma tempada. Se acepta a proposta. Modificar o check box para destacar a actividad principal na que se federa cada persona. Se comentará co responsable de Playoff para que o faga. Solicita facer constar a vixencia do seguro dende o pago da tasa. Se acepta a proposta. Solicita que se revise a devolución do precio das licencias. Se aproba que as licencias non sean reembolsables.

Con as modificacións propostas se aproba o regulamento por UNANIMIDADE.

4.- Aprobación das modificación do regulamento de Marcha Nordica

A vocal Pilar Vázquez Fariña se incorpora e explica o regulamento.

- Javier Aradas solicita que se cambie o nome das probas no “competitivas” porque sí son competitivas pero serían no oficiais. A vocal explica o motivo destas probas. Se acepta o cambio de nome.
- Javier Aradas solicita que se obligue a presentar certificado de penales para árbitros e técnicos en todas as probas. Se introducirá en cada regulamento e no regulamento de árbitros.

Coas modificacións propostas se aproba por UNANIMIDADE.

5.- Aprobación das modificación do regulamento de árbitros.

Dado que inda non se celebrou a reunión do comité de arbitraje e que non se localizou a acta onde constaba a existencia dun regulamento de arbitraje anterior, se suspende a votación para a seguinte comisión delegada.

4. Rogos e preguntas.

Javier Aradas pregunta polo vocal de refuxios. Se lle informa que os refuxios estánse levando directamente dende a oficina e co apoio do vocal de medioambiente.

Sen mais asuntos que tratar, dase por rematada a reunión, sendo as 21:42 horas.

Asinado,
A Secretaria Xeral da FGM
María Antonia García Castiñeira

Visto e prace,
O Presidente da FGM
Alejandro López Sánchez